

“BASES DO CONCURSO DE ENTROIDO 2021”

O Concello de Porto do Son, a través da Concellería de Cultura, propón as bases para a participación no “Concurso de Entroido 2021” que se celebrará de xeito telemático debido á situación provocada pola COVID-19.

1. Estas bases se regulan na Ordenanza reguladora da Concesión de Subvencións por parte do Concello a asociacións e entidades sen fin de lucro existentes no Concello publicadas no BOP nº 153 do 4 de xullo de 2008.
2. Os créditos orzamentarios ós que se imputan os premios resultantes deste concurso ascenden en total a un máximo de 950 € que se imputarán con cargo á aplicación 338.48001
3. **Obxecto e finalidade:** O obxecto e finalidade do presente Concurso de Entroido é o fomento e a participación cidadá na celebración e organización da mesma así como potenciar a actividade lúdica. Rexeitaranse aqueles disfraces/actuacións que atenten contra a dignidade das persoas ou vulneren os valores e dereitos recoñecidos na Constitución.
4. **Lugar e día de celebración:** O Concurso de Entroido 2021 celebrarase o martes, 16 de febreiro nas Categorías que se sinalan a continuación:

| CATEGORÍAS | DÍA DE CELEBRACIÓN | LUGAR DE CELEBRACIÓN |
|--|------------------------|----------------------|
| INDIVIDUAL | Martes, 16 de febreiro | On line |
| FAMILIAR* *Empadroados no mesmo enderezo. | | |

5. **Requisitos para participar no Concurso:** Para poder participar e optar aos premios é imprescindible presentar no Rexistro Xeral do Concello de Porto do Son ou a través da sede electrónica (<https://portodoson.sedelectronica.gal>), a solicitude de inscrición que se achega a estas bases como **Anexo I** (que se poderá descargar da páxina web do Concello de Porto do Son) indicando nel a categoría na que se vai a participar
6. A folla de inscrición (**Anexo I**) (poderase descargar dende a páxina web do Concello de Porto do Son www.portodoson.gal) e deberá presentarse debidamente cumprimentada nos prazos e lugares que se indican a continuación:

| INSCRICIÓN | |
|----------------------------|---|
| PRAZO E LUGARES DE ENTREGA | <ul style="list-style-type: none"> - Rexistro Xeral do Concello de Porto do Son (ata as 14:00h do día 16 de febreiro) - Sede electrónica: https://portodoson.sedelectronica.gal (ata as 14:00h do día 16 de febreiro) |
| Máis información | 981 867412 |



Para participar no Concurso de Entroido 2021 deberase achegar un **vídeo** de 10 segundos (como máximo) onde se aprecie a totalidade do disfrace ou ben **4 fotografías** (en formato JPG de peso máximo 5M) do disfrace onde se aprecien tódolos perfís para unha mellor valoración por parte do xurado e remitirse por correo electrónico a osondoentroido@gmail.com cos datos da persoa que fixo a solicitude e o número de rexistro da folla de inscrición entregada no Rexistro Xeral do concello ou da sede electrónica.

Non serán admitidas aquelas propostas que poidan ferir a sensibilidade das persoas nin que sexan contrarias á Lei. Os vídeos e as fotografías serán publicadas nas redes sociais do Concello polo que as persoas participantes deberán dar o seu consentimento expreso na solicitude do **Anexo I**.

6. **Premios:** Todos os premios se entregarán en metálico aos gañadores co seguinte detalle:

| Premios | |
|--|---|
| INDIVIDUAL | 1º PREMIO: 200€ 2º PREMIO: 100€ 3º PREMIO: 50€ |
| FAMILIAR* *Empadroados no mesmo enderezo. | 1º PREMIO: 300€ 2º PREMIO: 200€ 3º PREMIO: 100€ |

7.-**Pago dos premios.** O sábado 20/02/2021, darase a coñecer a decisión do Xurado a través das redes sociais do Concello. Na semana posterior a organización contactará coas persoas gañadoras. O pagamento dos premios realizarase mediante transferencia bancaria.

8.- **Xurado:**

Será designado polo Concello de Porto do Son e estará composto por 3 persoas alleas á organización do acto:

- a. Xurado 1: Profesional do ámbito do corte, confección, costura e moda.
- b. Xurado 2: Representante do ámbito cultural.
- c. Xurado 3: Profesional do ámbito da perruquería / estética.

O xurado terá liberdade de criterio para establecer as súas cualificacións. A decisión do xurado será inapelable. O Xurado poderá declarar “desertos” calquera dos premios ou deixar fóra do concurso aos participantes se non reunisen as condicións mínimas establecidas nas presentes bases. O xurado do concurso terá a competencia de resolver calquera circunstancia non prevista nas presentes bases.

A valoración das probas farase polo Xurado atendendo ós seguintes criterios e puntos asignados a cada un deles, dos cales deixará constancia na acta correspondente, onde figurará a proposta de participantes premiados, a cal será elevada á Xunta de Goberno Local na seguinte sesión que se celebre aos efectos de proceder ao pagamento dos premios.

1. A orixinalidade do disfrace e ubicación da fotografía / vídeo.
2. Perruquería e maquillaxe.
3. Dificultade e boa execución do vestiario .

| CONCURSO INDIVIDUAL E FAMILIAR | | | |
|--|---------------------------------|---|--------------|
| <i>Orixinalidade do disfrace Ubicación da fotografía / vídeo</i> | <i>Perruquería e maquillaxe</i> | <i>Dificultade e boa execución do vestiario</i> | |
| | | <i>Comprado</i> | <i>Feito</i> |
| <i>0-10</i> | <i>0-10</i> | <i>0-5</i> | <i>5-10</i> |

9. A participación no Concurso de Entroido implica o coñecemento e aceptación das presentes bases



Anexo I:

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO CONCURSO ENTROIDO 2021 DO CONCELLO DE PORTO DO SON.

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

| Nome | Primeiro Apelido | Segundo Apelido | DNI/Nº Pasaporte |
|------|------------------|-----------------|------------------|
| | | | |

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación por calquera medio válido en dereito).

| Nome | Primeiro Apelido | Segundo Apelido | DNI/Nº Pasaporte |
|------|------------------|-----------------|------------------|
| | | | |

DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Notifíquese a :

| Persoa solicitante | Persoa representante |
|--------------------|----------------------|
| | |

Enviáranse avisos da posta a disposición ao correo electrónico e /ou teléfonos facilitado de seguido:

| Teléfono móbil | Correo electrónico |
|----------------|--------------------|
| | |

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE

As persoas obrigadas a relacionares a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar , en todo caso pola notificación por medios electrónicos sen que sexa válida para elas ou produza efectos unha opción diferente

- Electrónica. Só se se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ó NIF da persoa indicada.
- Postal (cubrir a dirección postal só si é distinta da indicada anteriormente).

| Tipo | Nome da vía | Número | Bloque | Piso/porta |
|------|-------------|--------|--------|------------|
| | | | | |

| Parroquia | Lugar | | |
|---------------|-----------|----------|------------|
| | | | |
| Código postal | Provincia | Concello | Localidade |
| | | | |



DECLARA:

1º.- Que a persoa solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, e en concreto apartados 2 e 3 do artigo 13 e o apartado 5 do artigo 34 da mesma, estando ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

2º.- De conformidade co establecido na normativa vixente en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal, e no artigo 2.2 da Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito da honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

CONSÉNTESE EXPRESAMENTE e de forma libre e voluntaria, ao Concello de Porto do Son, para poder publicar as imaxes/vídeo enviado para participar no Concurso Infantil e no Concurso Xuvenil que se celebrará de xeito telemático debido á situación provocada polo COVID 19 na páxina de Facebook e demais RRSS coa finalidade de FACER PÚBLICOS OS DISFRACES PARTICIPANTES.

SI AUTORIZO

NON AUTORIZO

Ten dereito a opoñerse e /ou retirar devandito consentimento e autorización, en calquera momento, mediante notificación ao responsable do tratamento.

Os datos proporcionados conservaranse ata que exerza o seu dereito de oposición ou supresión dos mesmos, e non serán cedidos a terceiros salvo que exista obrigación legal, o Concello de Porto do Son non elaborará ningún tipo de "perfil" en base á información facilitada. Non se tomarán decisións automatizadas en base a perfís.

Os datos serán tratados polo Concello de Porto do Son, podendo o/a interesado/a exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, así como limitación, portabilidade, cando procedan, ante o Concello de Porto do Son, no enderezo Rúa Atalaia, nº 7 15970 Porto do Son A Coruña, achegando copia do seu DNI ou documento equivalente e indicando no asunto: Ref. Protección de Datos ou a través da Sede electrónica: <https://portodoson.sedelectronica.gal> ou directamente ante o Delegado de Protección de Datos a través do Correo electrónico: delegadoprotecciondatos@prodasva.org

Se no exercicio dos seus dereitos non foi debidamente atendido poderá presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos. Dirección: C/ Jorge Juan, 6 28001 MADRID (Madrid)- sede electrónica: sedeafpd.gob.es

SOLICITA:

Participar no concurso Entroido 2021 na modalidade: (marque só unha por solicitude)

- Individual
- Familiar

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA:

1º.- DNI **polas dúas caras** ou NIE acompañado do pasaporte do solicitante ou representante. En caso de ser na modalidade familiar, deberase achegar o DNI de **tódolos participantes** que deberán estar empadroados no mesmo domicilio.

2º.- Certificado do número de conta bancaria emitido pola entidade bancaria para o ingreso da subvención

3º.- Disfrace documentado (marcar o que proceda) :

- En vídeo
- En catro fotografías

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data